




***Guía dos equipamentos para a  
Educación Ambiental na Galiza  
e doutras instalacións para a  
divulgación do Patrimonio***

*Araceli Serantes Pazos*





*Guía dos equipamentos para a  
Educación Ambiental na Galiza  
E doutras instalacións para a  
divulgación do patrimonio*

**Araceli Serantes Pazos**

Serantes Pazos, Araceli

Guía dos Equipamentos para a Educación Ambiental na Galiza. E doutras instalacións para a divulgación do patrimonio / Araceli Serantes Pazos. – 1ª edición. – A Coruña: CEIDA. – 164 páx.: 16'5 x 24 cm. – (Documentos para a Educación Ambiental do CEIDA; 1). – Índice: páx. 5. – Bibliografía: páx. 143. – D.L. C 2261-2005 . – ISBN 84-609-7239-9

## I. CEIDA.

*Edita:* CEIDA, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia

*Imprime:*

*Deseño e maquetación:* Araceli Serantes Pazos

*Fotografías:* Araceli Serantes Pazos

*Corrección lingüística:* Goretti Sanmartín Rei. Servizo de normalización lingüística da Universidade da Coruña

*Depósito Legal:* C-2261 -05

*ISBN:* 84-609-7239-9

1ª edición, outubro 2005

5000 exemplares



*A MANOLO E CELITA, PORQUE FAN QUE TODO SEXA POSIBLE*  
*AOS NOSOS NENOS E NENAS, A RAZÓN E PROMESA DE VIDA, AÍND A CANDO XA NON ESTÁN*  
*A TODOS VOS, AMIGOS E AMIGAS, QUE SEMPRE SODES E ESTADES*

## **SOBRE A AUTORA**

*Araceli Serantes Pazos (Ferrol, 1965) é pedagoga, especializada en Intervención socioeducativa e experta en equipamentos para a Educación Ambiental. Traballa como profesora asociada na Universidade da Coruña, no Departamento de Pedagogía e Didáctica; investiga desde 1997 sobre os equipamentos galegos para a Educación Ambiental. Ten experiencia como educadora e como coordinadora dos equipos educativos de varios equipamentos andaluces e galegos: granxa-escola, aula da natureza, aula de ecoloxía urbana e centro de referencia. Elaborou para a Xunta de Galicia o borrador da Carta de Calidade Galega para os Centro de Educación Ambiental. Publicou numerosos artigos sobre o tema en revistas e actas.*

Contacto: [boli@udc.es](mailto:boli@udc.es)



## ÍNDICE

|                                                                                           |     |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|-----|
| Limiar.....                                                                               | 6   |
| 1. Introducción.....                                                                      | 8   |
| 2. Os equipamentos para a Educación Ambiental .....                                       | 14  |
| 3. Equipamentos para a Educación Ambiental na Galiza .....                                | 26  |
| 4. Listaxe de equipamentos e outras instalacións para a<br>divulgación do patrimonio..... | 38  |
| 5. Referencias bibliográficas .....                                                       | 142 |
| Anexo: Lexislación .....                                                                  | 148 |



## LIMAR

O **CEIDA** é o Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, un organismo promovido pola Consellería de Medio Ambiente, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros.

O obxectivo do Centro é dinamizar a educación ambiental na comunidade galega, a través de seis eixos de intervención: a *formación* dirixida aos diferentes colectivos sociais, a *interpretación* como técnica e práctica de divulgación do patrimonio, a *exhibición* de materiais e recursos sobre medio ambiente, a *divulgación* de pesquisas e investigacións de relevancia ambiental e educativa, a *elaboración* de documentos científicos e técnicos, e a *información* de eventos, recursos e iniciativas. Para todo isto conta cunha serie de instalacións e infraestructuras na illa de Santa Cruz (Oleiros), nun castelo mandado construír a remates do século XVI con fins tácticos, para a defensa da baía da Coruña e hoxe profundamente reformado e declarado Ben de Interese Cultural. Tanto pola súa ubicación, como polos recursos existentes, así como polo seu compromiso fundacional, o CEIDA é o Centro de Referencia para a Educación Ambiental na Galiza.

“Documentos para a Educación Ambiental do CEIDA” resposta as accións emprendidas na liña de *elaboración de materiais* con carácter científico e técnico. É unha colección de estudos e investigacións cun formato pensado para difundir entre todo tipo de públicos aspectos relacionados coa educación, a divulgación e a información ambiental na Galiza.

Os Documentos son un eslabón entre o ámbito da investigación, e o mundo educativo e de intervención social. Son materiais de divulgación para profundar no coñecemento de diferentes aspectos relacionados co medio ambiente e a súa problemática. A finalidade

é proporcionar *instrumentos para a acción* no ámbito da Educación Ambiental, e deste xeito contribuir á sustentabilidade da nosa Comunidade.


Trátase dunha iniciativa encamiñada a cubrir o baleiro que hoxe existe neste ámbito. A intención é proporcionar documentos de interese que veñen sendo demandados de forma reiterada en Seminarios, Foros e Colectivos.

O Documento nº 1, “*Guía dos Equipamentos para a Educación Ambiental na Galiza*” é o primeiro rexistro sistemático de Centros que están a traballar na divulgación do patrimonio, a través de propostas educativas e interpretativas ou ben doutras expositivas e informativas. En calquera caso, todos comparten como un fin propiciar actitudes favorables á conservación do legado natural e cultural, sen renunciar, en moitos dos casos, ao desenvolvemento local e sociocomunitario.

O libro estrutúrase en dúas partes: a primeira, de contido teórico, contextualiza estes centros no ámbito da Educación Ambiental, presentando as súas características e as súas tipoloxías no seu conxunto, tanto a nivel do Estado como da comunidade galega. A segunda, presenta fichas coa información de cada iniciativa, facendo unha breve descrición das infraestruturas e da oferta educativa ou divulgativa, ao tempo que se facilita o contacto co centro (endereço, teléfonos, web, etc.) e valóranse algúns aspectos referidos aos recursos e aos programas.

Tanto polo formato como polo contido, a *Guía dos Equipamentos para a Educación Ambiental* é un recurso fundamental para coñecer os centros e instalacións existentes na Galiza, así como para favorecer o uso dos mesmos, e disfrutar aprendendo a través das diversas propostas didácticas e lúdicas que nos están a propor.

Carlos Vales Vázquez  
Director do CEIDA



# 1

## *Introducción*

## NO CONTEXTO DA EDUCACIÓN AMBIENTAL

O modelo de desenvolvemento da maior parte dos países occidentais leva asociado un alto deterioro nos ecosistemas naturais que, ao mesmo tempo, repercute negativamente nos sistemas sociais e económicos. A partir da década dos 60, denunciábase desde algúns organismos e entidades que se trata dun modelo inxusto e pouco viable; a educación aparecerá como un aspecto máis na procura de alternativas de mellora ou de substitución deste modelo.

A *Educación Ambiental* (EA) nace da consciencia crecente dunha crise ambiental sen precedentes e, como consecuencia, da urxente búsqueda de solucións, para o que promoverá un cambio nas conductas. No intento de mellorar as relacións que as persoas mantemos coa natureza e co contorno en xeral, a EA partirá de postulados positivistas e cientifistas, para ir asumindo progresivamente posturas máis críticas e un maior compromiso ético (cadro núm. 1), o que fai que non exista unha única concepción de EA.

Existen tres tendencias clásicas á hora de definir a EA: un modelo inicial que se define como un ámbito de pensamento centrado no *coñecemento* do medio e das relacións que se establecen entre os distintos elementos vivos e inertes -ecoloxía- para, deste xeito, comprender a problemática ambiental (*educación sobre o medio*). Pronto, preocupábase en como *sensibilizar* e *concienciar* a



Cadro núm. 1: *Evolución da EA na relación dialéctica persoas-medio*

poboación e os responsables políticos fronte aos problemas, e atopa no medio un bo recurso para iso; centrará as súas propostas arredor da metodoloxía de aprendizaxe (*educación no medio*). Na actualidade, incríbese no ámbito dos valores e dos fins, cunha forte pegada ambientalista, na procura dunha nova ética reguladora da relación persoa-medio (*educar para o medio*) (María NOVO, 1985, 1995; Antoni J. COLOM e Jaume SUREDA, 1989; José GUTIÉRREZ, 1995; Daniella TILBURY, 1995; Søren BREITING, 1997; Pablo MEIRA, 1998; José A. CARIDE e Pablo A. MEIRA, 2001, J. Eduardo GARCÍA, 2004 ). O principio de *sostenibilidade* será o marco de acción para garantir un mundo equitativo e habitable (DOG, 2000).

Alguns autores, como Daniella TILBURY (2001, páx. 66), José A. CARIDE e Pablo A. MEIRA (2001, páxs. 185-187) ou J. Eduardo GARCÍA (2002, páx. 6; 2004, páx. 13), consideran insuficientes estas tres tendencias, e asocian a EA á *capacitación para a acción*, ao tratamento do conflito, á xustiza social e á sustentabilidade ecolóxica. O principio de *sostenibilidade* non garante un mundo equitativo e habitable, polo que se está a promover o *desenvolvemento humano*.


En calquera das concepcións e prácticas, a EA adoptou crear unha serie de *recursos* que facilitasen a comprensión da *complexidade* teórica do problema, que fomentasen o *pensamento crítico*, que promovesen respostas *interdisciplinares*, que permitisen a *participación* e mais o *compromiso* das persoas na mellora do medio, e que propiciasen a *coordinación* entre diferentes axentes para optimizar os esforzos. Os instrumentos, segundo o *Libro Blanco da Educación Ambiental en España* (COMISIÓN TEMÁTICA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1999, páx. 45), deben estar baseados na aprendizaxe social, na responsabilidade, na participación e na experimentación.



## RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL

Os recursos son instrumentos ou estratexias de corpo físico, intelectual ou metodolóxico, que facilitan a consecución duns obxectivos: a súa función é *mediadora*. No ámbito da EA deben facilitar a adquisición de coñecementos, de actitudes e de habilidades, así como sensibilizar e mais concienciar as persoas para que participen na resolución dos problemas ambientais (Oscar CID, 1997, páx. 47; Oscar CID e Agustín CUELLO, 1996, páx. 196). Estase a falar de espazos, de instalacións, de materiais, de estratexias ou de persoas que facilitan o desenvolvemento de accións no marco da EA; neste contexto, é o propio medio e a súa problemática o principal recurso. Son a concreción do fundamento teórico, plasmado nun modelo ou nuns principios didácticos concretos, que dan coherencia e orientan a práctica (cadro núm. 2).

Os recursos non teñen valor de seu, senón que están ao servizo do proceso educativo e son un elemento chave, mais non son un fin. Henry GIROUX (1996) subliña o potencial que agochan os recursos no ámbito educativo, mais tamén advirte que estes lexitiman prácticas e morais pouco recomendables, que ás veces enmascaran os principais problemas. Revisten os feitos cunha aparente inocencia e presentan unha imaxe idílica do medio: o autor chámalo «política da inocencia» ou «o mundo Disney», onde se está a eludir a crítica ao pensamento e aos intereses dominantes.



Cadro núm. 2: Os recursos como mediadores entre a teoría e a práctica

Na actualidade, existen numerosos recursos dispoñibles, algúns *específicos* (centros de EA, publicacións, material audiovisual etc.). Outros relacionados coa *xestión ambiental*, que se empregan puntualmente con fins educativos (depuradoras, centros de compostaxe de residuos sólidos, parques eólicos, espazos protexidos etc.), e, por último, aqueloutros susceptibles de constituírense nun recurso para a EA: son a maior parte dos elementos e das instalacións de calquera contorno natural ou intervído (museos, rúas, transporte público, montes en mancomún etc.).

Aínda que no *Libro Blanco da Educación Ambiental* se recoñece un incremento significativo dos recursos (COMISIÓN TEMÁTICA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1999, páx. 36), a dispersión da información sobre estes, a pouca dispoñibilidade, as dificultades para acceder a eles, a imposibilidade de os adquirir ou os empregar, acrecenta a percepción xeneralizada de escaseza que, por outra banda, é real. M<sup>a</sup> Rosario GARCÍA e Yolanda SAMPEDRO (2000, páx. 22) indican que existen lagoas importantes en canto aos temas que se están a tratar, os recursos materias para abordalos non son suficientemente diversos e a profundidade con que se acometen é moi desigual. Reclámase como urxente a sistematización da información, a divulgación desta e a elaboración doutros recursos para superar os défits detectados (SEMINARIO DE EA NO SISTEMA EDUCATIVO, 1988; COMISIÓN TEMÁTICA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1999; DOG, 2000).


Cada vez son máis as institucións públicas, os organismos privados e as iniciativas particulares que poñen en marcha campañas e programas de EA, para os que se deseñan recursos específicos. De todos eles, os equipamentos para a Educación Ambiental (EqEA) son o recurso máis singular e de gran «impacto»; as razóns son varias:

- tiveron un papel activo na *educación integral* do alumnado nos distintos ciclos de escolarización obrigatoria e non obrigatoria

- colaboraron na *formación ambiental* de distintos profesionais da educación, así como doutro personal técnico e político.
- son *referentes estables* para a comunidade local, para as distintas institucións e para organismos internacionais
- teñen *continuidade* no tempo; posibilita abordar programas a longo prazo
- o *número* de participantes e de persoas colaboradoras é maior que en calquera outro programa de EA
- *xeran e dinamizan* outros programas, recursos, actuacións etc.
- facilitan o marco axeitado para desenvolver *investigacións* a nivel local, autonómico, estatal ou internacional

Os EqEA non atoparon un lugar e unha función propia dentro e fóra do sistema educativo: non houbo ningún proceso de articulación e de planificación do sector. Desde a aparición da primeira das iniciativas, ata os nosos días, o Estado estivo ausente como regulador: queda por definir o papel destes centros.





# 2


*Os equipamentos para a  
Educação Ambiental*

## ACHEGAMENTO CONCEPTUAL

Os EqEA teñen unha historia propia, aínda que pola súa xuventude –algúns autores falan de algo máis de 30 anos- non contan cunha traxectoria que permita facer unha análise en profundidade e con perspectiva. Cando en 1980 Fiorenzo ALFIERI visita a *Granxa-Escola Huerta La Limpia* confesou sorprendido que esta experiencia lle permitíu comprender as singularidades deste movemento pedagóxico no Estado español fronte a outras realidades europeas: é xusto recoñecermos que se trata dun movemento con entidade propia, diferenciado, singular e vivo. A súa continuidade no tempo converteunos en verdadeiros referentes da práctica educativa e da participación para a xestión do patrimonio.

Moitos e moitas autoras coinciden en que deben reunir, cando menos, tres requisitos, aínda que son dúas as propostas: a primeira vén dada por un **proxecto de educación ambiental**, que desenvolve un **equipo educativo** estable nunhas **instalacións fixas** (SEMINARIO DE EQUIPAMENTOS PRIVADOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1996; GRUPO DE TRABAJO DE EQUIPAMENTOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1998; COMISIÓN TEMÁTICA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1999; Pilar ESTADA, Trinidad HERRERO, Manuel Angel MARTÍN e Josechu FERRERAS, 2000; Clotilde ESCUDERO, 2003; Helena BARRACOSA, 2004) (cadro núm. 3); a segunda, por un **proxecto educativo** que explicita os programas, un **escenario educativo** e uns espazos físicos ou unhas **instalacións** (Oscar CID e Agustín CUELLO, 1996; Oscar CID, 2002; AMBIGÉS, SL, 1993; Javier REYES, 2000) (cadro núm. 4).

Todos os estudosos coinciden en definilos como *heteroxéneos*, tal e como defendeu, Oscar CID (2002) no grupo de traballo de EqEA, nas *III Xornadas de Educación Ambiental* celebradas en Pamplona. A *diversidade* en canto á propiedade das instalacións, dos modelos de xestión, dos usuarios, dos con-



Cadro núm. 3: *Elementos constitutivos dos EqEA segundo o SEMINARIO DE EQUIPAMENTOS PRIVADOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1996; GRUPO DE TRABAJO DE EQUIPAMENTOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1998, páx. 9; COMISIÓN TEMÁTICA DE EA, 1999, páx. 83; Pilar ESTADA, Trinidad HERRERO, Manuel Angel MARTÍN e Josechu FERRERAS, 2000; Clotilde ESCUDERO, 2003; Helena BARRACOSA, 2004.*



Cadro núm. 4: *Elementos constitutivos dos EqEA segundo Oscar CID e Agustín CUELLO, 1996, páx. 182; Oscar CID, 2002, páx. 9.185; AMBIGÉS, S.L., 1993; Javier REYES, 2000.*

tornos, do custo da actividade, do contido e da duración da oferta converten en difícil **definir criterios comúns** a todos eles: a heteroxenidade convértese ao mesmo tempo nun valor (a diversidade de propostas) e nun problema (a ordenación do sector).

Os EqEA considéranse iniciativas **heteroxéneas** de educación **non formal**, que contan cunhas **instalacións** (fixas ou móbiles) axeitadas para levar adiante un **proxecto educativo**, cuxos fins e obxectivos son os propios da EA. O programa desenvólveo un **equipo educativo** estable e profesionalizado, que dispón dunha serie de **recursos** e de **materiais** para a execución e a **avaliación** das actividades, creados ou adaptados polos propios educadores. Estas iniciativas son **xestionadas** coherentemente con principios de sostibilidade, e revisadas tanto por axentes internos como externos, e convenientemente actualizadas (Araceli SERANTES, 2003a, 2003b, 2003c e 2003d) (cadro núm. 5).



Cadro núm. 5: Elementos que definen ós EqEA (Araceli SERANTES, 2003)

## ALGUNHAS CARACTERÍSTICAS DOS EqEA

Se atendemos aos **fins**, os EqEA poden ser ben diferentes: de mediadores para a *conservación* a simples *recursos* para escolares, de propostas de *ocio* consciente á *formación continua* dos profesionais, de axentes de *desenvolvemento local* a colaboradores en proxectos de *ensino activo* ou de *centros de investigación* e divulgación a simples recursos *turísticos*. As persoas **destinatarias** son un factor determinante das ofertas e dos fins.

A caracterización do centro depende, en grande medida, do perfil dos **profesionais** que están a traballar: inflúen na filosofía do centro, na oferta de actividades, nos obxectivos específicos etc. Moitos EqEA mudan radicalmente ao cambiar os seus traballadores, polo que se comproba que os proxectos están íntimamente ligados ao **equipo de educadores**. Estes equipos, ao non seren estables, inflúen na traxectoria das iniciativas. Os profesionais son un elemento determinante á hora de entendermos os EqEA.

Respecto as persoas **usuarias**, conséntase o obxectivo de ampliar a gama de beneficiarios: os EqEA comezan sendo propostas para escolares ou para



visitantes dos espazos naturais. Co tempo, anímase a que cheguen a outro tipo de colectivos, ben por supervivencia económica, ben polo interese de chegar a outros beneficiarios. Na actualidade, o perfil das persoas usuarias segue a ser escolares acompañados polo profesorado. Mais a ansia de dirixirse a outros públicos fai que moitas das actividades e dos recursos se deseñen en función dos que nunca chegan ou dos que o fan timidamente (xestores, decisores, políticos, público en xeral...), polo que, as veces, estase a descoidar a demanda real (centros educativos).

Respecto aos **contidos**, dise que sufriron unha “curricularización” (adaptáronse ás necesidades do *curriculum* escolar), en vez de seren mediadores para ambientalizar os contextos (Oscar CID, 1998, páx. 5). Nas exposicións, nos trípticos, nas unidades didácticas, nas páxinas web..., existe certo medo en clarificar e expoñer contidos: fronte ás críticas de textos longos e especializados -pouco relevantes- van aparecendo propostas tan esquemáticas e sintéticas que apenas ofrecen información; tamén hai certo abuso da anécdota que distrae do obxectivo central. Imponse a descrición de elementos sen incidir nas interrelacións e no global, e a secuencia de exposición é similar en contextos distintos, o que incide na perda de identidade. En xeral, estase a dar unha tendencia a trivializar os contidos, a ofertar propostas pouco específicas e politicamente correctas, contidos que son obrigatorios nos *curricula* escolares.

As persoas usuarias veñen acompañadas por persoas **responsables** do grupo, mais o seu papel no EqEA está pouco definido: normalmente só asumen funcións de control e de disciplina do grupo. Son un elemento activo cando se fala de avaliación: moitas veces son as únicas informantes. O seu papel é relevante para que a experiencia no sexa anecdótica e puntual mais son poucos os EqEA que planifican conxuntamente. Moitos dos materiais deseñados para o profesorado son simples “solucionarios” dos materiais para o alumnado.

Respecto á **xestión**, aumentan o número de EqEA de *propiedade pública* (concellos, deputación ou autonomía) ou de grandes entidades *privadas* (caixas de aforros, eléctricas, construtoras etc.) que ceden a xestión a unha pequena empresa de carácter local, que interpreta e adapta os intereses do promotor á oferta educativa: é un determinante a falta de liberdade real ou o medo a perder esta xestión. Comeza a haber empresas alleas ao ámbito da EA que “explotan” estes centros, para o que contratan puntualmente persoas que realizan os traballos, sen interese en formaren equipos educativos, nin na estabilidade dos propios EqEA: vaise “desnaturalizando” ou pérdese o compromiso que tiñan inicialmente. Conservan un maior compromiso e coherencia aqueles centros xestionados polos promotores iniciais.

Por último, moitas das **instalacións** non se axustan ás necesidades diversas dos grupos, e non son exemplares no uso, no consumo e na reciclaxe dos recursos, aínda que hai unha preocupación crecente ao respecto: foron superando barreiras arquitectónicas dos edificios e dos contornos, incluíron sistemas para minimizaren o consumo da auga ou electricidade, usan materiais ecolóxicos e certificados nas instalacións, producen parte da enerxía que consumen, fan separación de residuos sólidos en orixe, mercan os produtos nas tendas e establecementos das localidades máis próximas etc.



## TIPOLOXÍAS DE EeqEA

A preocupación por establecer categorías que agrupen e definan a diversidade de iniciativas axudou a clarificar a que nos estamos a referir cando falamos de EeqEA: a calquera experiencia educativa relacionada co medio ambiente nunha instalación?, é entón un EeqEA unha horta escolar?, e se a horta non está na escola?, podemos considerar EeqEA os albergues que realizan puntualmente campamentos de carácter ambiental?, e os campamentos de verán que promoven asociacións e desenvolven educadores ambientais?...

Unha das propostas máis difíciles de catalogar son os **roteiros**. Autores como Teresa FRANQUESA e Miquel MONGE (1984, páx. 18), M<sup>a</sup> José MOSQUERA (1991, páxs. 174-200), José GUTIÉRREZ (1995, páx.63) ou CIDN (2000, páx. 63) non os consideran EeqEA, fronte a Charo DOMÍNGUEZ (1993, páxs. 9-12) ou Jaume SUREDA, Aina CALVO e M<sup>a</sup> Magdalena CORTÉS (s/d) para os que son un máis. Esta diferenciación, así como as tipoloxías de equipamentos, resultan interesantes só cando tratamos de ordenar, de homologar, de definir criterios de calidade ou de crear *redes de equipamentos*. O exercicio de facer categorías é tamén interesante para definirmos e diagnosticarmos o campo.

Os intentos de sintetizar levan sempre asociada unha simplificación da realidade; ademais, córrese o risco de crear categorías que dean unha imaxe estanca e simple dunha realidade ben complexa. A pesar da gran variedade de EeqEA existentes (máis dun cento de denominacións diferentes), podemos identificar cinco grupos que non son excluíntes, se atendemos a súa *filosofía* e aos seus *sinais de identidade* (Araceli SERANTES, 2005, páxs. 177-178) (cadro núm. 6):

1. Os EeqEA **especificamente educativos** basean a súa oferta nos procesos de adquisición de coñecementos, no fomento de actitudes, no desenvolve-



Cadro núm. 6: *Tipoloxías de EeqA segundo as perspectivas e aos obxectivos xerais*

mento de habilidades etc. Trátase de experiencias pioneiras, herdeiras de correntes educativas reformistas, como a *Escola Nova* -e da súa concreción no Estado español, a *Institución Libre de Enseñanza*-, de experiencias libertarias e antiautoritarias etc., que se basean en modelos de ensino-aprendizaxe pouco directivos e cun forte contido didáctico; son propostas para o compromiso e o cambio de valores.

Moitas *granxas-escola*, *campos de aprendizaxe*, *cotos escolares*, *aulas activas* e *aulas da natureza* foron concebidas, e traballan, dende esta perspectiva.

- Os ligados á **xestión do patrimonio**, fundamentalmente natural. Aínda que alleos ou marxinais respecto aos *programas de uso público*, apostan por ocuparen un lugar relevante nos *plans de uso e xestión*. As actividades

céntranse no coñecemento dos valores do territorio e promoven un uso compatible coa conservación; nalgúns casos promoven a participación, unhas accións de mellora ou de mantemento. Céntranse preferentemente na información e divulgación; a avaliación redúcese aos usos do espazo.

Moitos *centros de visitantes, centros de interpretación, museos e parques etnográficos ou arqueolóxicos* responden a este apartado.

3. Os comprometidos co **desenvolvemento socio-económico** en contextos desfavorecidos. A súa finalidade é a dinamización dos recursos locais a través da participación da poboación próxima; buscan recuperar costumes, usos e valores tradicionais. A súa función podería definirse como “terapéutica” e exemplificadora respecto á poboación local, a que ofrecen servizos complementarios e amosan “boas prácticas”; respecto as persoas visitantes, a función é de inmersión noutras “realidades” ricas e diferentes.

Os *centros de desesenvolvemento rural, algunha vila-escola, os centros de educación ambiental e as aulas experimentais* poderíamos catalogalas nesta epígrafe.

4. Os centrados no **ocio** e no **turismo** de baixo impacto (ecoturismo, turismo verde ou alternativo, deportes na natureza etc.) propoñen actividades de coñecemento e goce de forma activa, a través de prácticas de tipo recreativo (bicicleta, sendismo, roteiros a cabalo ou a piragua, descenso de canóns etc.); os contidos son naturalísticos ou referidos ao patrimonio, e teñen carácter complementario. Ofertan tamén actividades relacionadas cos costumes e coas tradicións (obradoiros de cociña, destilados, xabóns e cremas, matanza do porco, elaboración de embutidos etc.).

*Casas na natureza*, experiencias de *turismo rural* e *albergues na natureza* son algunhas das posibilidades.

5. Por último, os chamados **centros de referencia**, que coordinan e xeran recursos para outros EqEA, institucións e colectivos. O obxectivo fundamental é a *formación* de mediadores (profesorado, educadores, persoal técnico...), a *divulgación* de experiencias e boas prácticas, a *elaboración de recursos* e a *distribución* de documentación técnica.

Neste apartado sitúanse experiencias como o *CENEAM*, os *CEIDA* vascos, o *CEIDA* galego, *CEMA Torre Güil* ou o *CRANA*.

De forma xenérica, podemos considerar esta proposta tamén como unha categorización temporal, xa que foron aparecendo, en primeiro lugar, os EqEA de carácter educativo ou adicados á xestión e máis tarde os lúdicos, os centrados no desenvolvemento local e os centros de referencia. Non significa que na actualidade non se estean a crear por exemplo granxas-escola, nin que estas ofrezan menos que os modelos precedentes. Na actualidade, teñen máis presenza ou peso os de carácter lúdico e turístico, fronte aos comprometidos cos procesos educativos ou aqueles ligados á xestión, aínda que non existen iniciativas «puras» que se encadren exclusivamente nun destes apartados.



## TRAXECTORIA E EVOLUCIÓN DOS EeqEA

Se atendemos aos **fin**s e ás entidades **promotoras**, podemos identificar tres momentos (cadro núm. 7):

1. Inicialmente houbo centros de titularidade e de xestión *privada*, iniciativas de carácter local, moi comprometidas cos cambios políticos e sociais de comezos dos anos 80, ligadas aos procesos de democratización. Foron propostas moi *ideoloxizadas*, que procuran materializar *utopías* que se per-seguían dende finais da ditadura: concibíanse como apoio ao que se facía nas escolas por parte de colectivos educativos máis progresistas. Son experiencias fortemente vinculadas co *sistema educativo formal*, propuñan innovacións nas metodoloxías de traballo, na organización, nos espazos de aprendizaxe, na relación docentes-alumnado etc.
2. A boa acollida das iniciativas pioneiras posibilitou que as institucións *públicas* ligadas coa xestión do patrimonio, viran nos EeqEA unha *oportunidade* para cumpriren coas súas *obrigas*: a declaración de espazos naturais protexidos, de lugares de interese arqueolóxicos etc. esixía un *plano de uso*, e estes centros permitían o *cumprimento da normativa* dun xeito sinxelo e barato. Os máis frecuentes foron os centros de *propiedade pública* (organismos autonómicos) e *xestión privada* (asociacións e cooperativas).



Cadro núm. 7: Evolución dos EeqEA tendo en conta os promotores e os fins que se perseguen



3. Na actualidade, os promotores son sobre todo os *concellos*, as *mancomunidades* e as iniciativas *privadas* que contan co apoio de programas e axudas europeas, cun marcado carácter local. Responden a iniquidades de tipo *laboral* (fundamentalmente de autoemprego) en espazos rurais deprimidos, obxecto prioritario das axudas da Unión Europea. A xestión é *privada*, por parte de colectivos ou pequenas empresas da localidade, aínda que a propiedade poida ser do concello, dun consorcio, da mancomunidade ou do propio colectivo.







# 3


*Equipamentos para a  
Educación Ambiental na Galiza*

## ESTUDOS E PESQUISAS SOBRE OS EQEA GALEGOS

Na Galiza non existen diagnósticos sobre o sector, aínda que hai algúns estudos e pesquisas. A maior parte deles fixéronse a través de enquisas, cunha baixa porcentaxe de participación, e sen un proceso posterior para contrastar os datos que se achegan. O único estudo publicado parcialmente ata o momento é o elaborado por CEM S.COOP. (1999) co gallo da *Estratexia Galega de Educación Ambiental*, e como parte da mesma (DOG, 2000). Poderían considerarse como aproximacións o artigo de Antón Lois ESTEVEZ (2002) para a *Sociedade Galega de Educación Ambiental* e os elaborados por Araceli SERANTES (s/d, 2002, 2003, 2004, 2005) en distintos foros e publicacións.

A revisión das aportacións existentes (cadro núm. 7) permite comprobarmos o alto grao de descoñecemento do sector, así como as diferenzas á hora de referenciar iniciativas: trátase de máis de 130 iniciativas en 30 traballos.

A gráfica fai pensar que ata os anos 90 o movemento de EqEA non tivo maior impacto na sociedade galega e que será na década do 2000 cando se produce un importante crecemento. Ao comprobarmos as datas de creación dos centros obsérvase certo descoñecemento do sector, incluso por parte dos investigadores: a *Granxa de Barreiros*, creada en 1948, e en funcionamento como *granxa-escola* dende 1984, referénciase no 1988 e esquecese nos estudos ata 1997; o *Centro de Educación Ambiental Outeiro*, creado en 1984 é citado por primeira vez en 1999; o *Museo Etnográfico da Limia*, creado en 1991, no 2004; a *Casa da Terra*, 1992, e o *Aula de Natureza do Invernadeiro*, 1987, citados 7 anos máis tarde; o *Centro de Desenvolvemento Rural O Viso*, do 1994 é referenciado 5 anos máis tarde etc. Ata 1994 só se coñecían o 5'5% das experiencias aínda que xa funcionaban o 13'13%; haberá que esperar ata 2001 para que, cando menos, estean o 70%.




Cadro n.º 7.- Seguimento dos E+FA galegos a través dos estudos publicados en libros e revistas

Moitos dos centros referenciados non deben ser considerados como EqEA: non houbo un criterio homoxeneo á hora de os identificar. Nótase certo evoluir á hora de enumeralos: inicialmente máis centrados na investigación do medio natural e o patrimonio cultural, en que predominan elementos expositivos, para paseniñamente ir engadindo experiencias máis participativas; en xeral nótase unha importante ausencia de propostas sociais e culturais fronte ás naturalistas. Identificáronse antes as iniciativas públicas que as privadas, e estas últimas estiveron ausentes na maior parte dos estudos.

## CARACTERIZACIÓN DAS INICIATIVAS GALEGAS

Os EqEA, e outras instalacións para a divulgación do patrimonio están **localizadas** dun xeito desigual no territorio: A Coruña é a provincia con maior número de iniciativas (36%), seguida de Ourense (25%), mais Pontevedra (20%) e Lugo (19%). O número de habitantes por provincia non é un elemento determinante da oferta (Pontevedra é a segunda máis poboada). Tampouco inflúe na **distribución**: atópase unha grande concentración nas cidades e nas áreas urbanas (Vigo, A Coruña, Pontevedra, Ferrol, Ourense, Lugo, o Barbanza e o Morrazo; resulta chamativa a carencia no área de Santiago), mais tamén hainas en áreas ben despoboadas, como na que comprende as serras da Serpe, Careón, Faladoira, San Mamede, Queixa, O Courel e Os Ancares ou no espazo que vai dende a Comarca da Limia ata os montes centrais de Ourense. Das iniciativas que a continuación presentamos, 2/3 están en municipios escasamente poboados (mapa núm. 1).

Atendendo ao **medio** en que están emprazados, a distribución é bastante equilibrada xa que o 34% están en espazos naturais, o 34% en rurais e o 22% en cidades ou vilas. O 47% están no contorno de espazos naturais protexidos; máis da metade dos espazos de alto valor natural -segundo se recolle na pro-



Mapa núm. 1: *Distribución de iniciativas por Municipios atendendo á densidade de poboación*

posta da Xunta de Galicia para a Rede Natura 2000 (Dog, 2003)- non contan con ningunha instalación para a divulgación, a interpretación do patrimonio ou a educación ambiental, quer no espazo, quer no seu contorno. A localización é un factor importante para termos en conta, porque posibilita ou limita determinados servizos como o transporte público (posible só no 50% dos casos), asistencia sanitaria, servizos complementarios de hostalaría etc.

As **temáticas** que se abordan non están directamente relacionadas coa localización: nos núcleos urbanos só existe un centro que se dedique á problemática das cidades (*Aula de Ecoloxía Urbana* de Ferrol); o resto dos centros urbanos abordan fundamentalmente a problemática natural.

Se atendemos aos **promotores**, compre destacarmos, como característica diferenciadora do resto do Estado, o dinamismo do movemento asociativo (13%), que contrasta coa titularidade da **propiedade** dos centros que é fundamentalmente de carácter público (37% municipal e 34% da Xunta de Galicia). O 37% das iniciativas autonómicas e o 43% das municipais son xestionadas por entidades privadas. É moi significativo o número de instalacións pechadas ou sen uso (12%).

As persoas **usuarias** son, no 75% dos casos, alumnado dos centros educativos; o *usuario-tipo* sería un escolar de ciclo medio ou superior de primaria dun centro educativo urbano. Os centros que teñen outro tipo de ocupación é porque ademais ofertan outras actividades (turismo rural, deportes na natureza, cursos de formación etc.) ou porque están localizados en lugares de alto interese polos seus valores patrimoniais. Isto é común tanto para os centros públicos como para os privados.

Polos **sinais de identidade**, ou o carácter predominante da oferta, pódese clasificar en 5 categorías, se atendemos aos obxectivos: aqueles en que os intereses das persoas usuarias son relevantes e se vehiculizan a través de propostas de carácter *educativo e didáctico* (36%), os que perseguen a *conservación* do patrimonio a través da divulgación (24%), os que teñen *carácter social* e pretenden dinamizar a poboación e potencian os recursos locais (17%), os que propoñen actividades de *lecer, deportivas* ou *turísticas*, e inciden no ocio activo (21%) e, por último, os *centros de referencia* (1%).

Cada centro ofrece, ao mesmo tempo, 2, 1 ou ningún **programa**, o que valórase como unha infrautilización; só o 20% ofrece máis de 2, polo que parece recomendable diversificar máis a programación. As *exposicións* son o recurso máis frecuente. A maior parte dos centros realizan programas de 1 día de duración (79%, moitos deles de 1 ou 2 horas). Os *obxectivos* teñen que ver coa adquisición de coñecementos; os *contidos* xiran arredor do medio natural ou espazo protexido (40%), ou dun elemento do patrimonio construído (33%).

Os **recursos** de apoio máis habituais son, por esta orde, roteiros guiados por profesionais, exposicións, visitas guiadas no centro, traballos nas hortas ou establos, e observación de animais en cativeiro. Nalgún caso ofrécese a posibilidade de rutas en bicicleta, a cabalo, en piragua etc. As **actividades** máis comúns son os roteiros e os obradoiros temáticos.

Hai bastantes centros con **animais** en cativeiro (28%), ben como oferta única (zoos), ben como oferta complementaria (*aulas da natureza e granxas-escola*). Os máis abondosos son os *domésticos* e de granxa (10), *seguidos dos peixes* e animais acuáticos (6), os *exóticos* –básicamente aves– (5), os de interese *cinexético* (5), *as abellas* (3), *os silvestres* (2) e os *cabalos* (2).

Non todos os centros dispoñen dun **equipo de profesionais** estable: algúns que contratan persoal temporalmente, outros funcionan con voluntarios ou profesionais en prácticas, algúns subcontratan a empresas para as actividades e, existen outros sen persoal e ocúpase da instalación alguén alieo ao programa. O *perfil do profesional* é muller, de 26 a 30 anos, titulada superior, con máis dun ano de antigüidade na empresa, a tempo completo, e con escasa participación nos cursos e eventos de EA.

A **ocupación** sofre unha forte estacionalidade: hai practicamente ocupación *plena* nos meses de abril, maio e xuño, *media* en marzo, xullo, agosto, setem-

bro, outubro, novembro e mais decembro, e *baixa* ou *nula* en xaneiro e febreiro. Respecto ao **custo**, é similar o número de centros *gratuítos* (58) respecto aos que teñen un prezo ao público (51), que é asequible na maior parte dos casos; en moitos existen prezos rebaxados para grupos organizados.

Respecto á **divulgación**, existen grandes carencias: non hai ningunha institución ou organismo que facilite dun xeito organizado información sobre os centros galegos. Pola súa banda, non todos os centros teñen trípticos ou dírpticos divulgativos, nin páxina web, polo que as persoas usuarias lles resulta complicado obter información sobre programas, horarios, prezos etc. Tamén dificulta o coñecemento das experiencias o feito de estaren mal sinalizados nas estradas, teren accesos complicados e non dispoñeren de información pertinente nas oficinas municipais e organismos públicos. Non existe unha *norma* para sinalizar estes centros nin unha imaxe común.

Non todos os centros resultan **accesibles** a todo tipo de públicos: o 41% resulta impracticable para persoas con limitacións para desprazárense, pola cantidade de escaleiras de acceso, polas limitacións de espazo nas instalacións, ou polas condicións dos roteiros e das actividades que propoñen.

Respecto á **coherencia das instalacións**, só 3 centros utilizaron técnicas bioclimáticas ou de bioconstrución. Moitas están mal illadas, con problemas de orientación e con humidades. Poucas teñen sistemas de *aforro e eficacia* enerxética e de consumo de auga; incluso algún carecen de sistemas de tratamento de augas residuais ou de recollida do lixo. Hai centros públicos sen abastecemento de auga potable, sen servizos públicos ou cun sistema de xeración de enerxía eléctrica moi contaminante e pouco eficiente. Case o 50% son edificios rehabilitados ou adaptados a este uso e outro tanto de nova construción.




Non todas as **instalacións** contan con aulas (só 1/3), obradoiros (1/5), laboratorios (1/3), salón de actos (1/2) ou salas de usos múltiples (2/3). Algunha só ten espazos exteriores para realizar actividades ou visitas (4%).

## TIPOLOXÍAS SEGUNDO A OFERTA

A denominación dos centros non define *a priori* o tipo de oferta de actividades, de contidos ou da metodoloxía de traballo. Segundo a oferta, vanse agrupar os centros galegos baixo 5 denominacións xenéricas (cadro núm. 8):

1. *Centros de visitantes* (CV): ofertan material expositivo (e/ou interactivo) para divulgar –ou interpretar– o patrimonio. A actividade principal é a información e a divulgación, frecuentemente dun xeito impersoal: a persoas organizan a visita de forma pouco estruturada e sen asesoramento, máis os recursos que atopan lles esixen certa participación e implicación. As veces contan con guías-intérpretes durante o percorrido dentro e/ou fóra do centro.
2. *Aulas de natureza* (AN): propoñen como estratexia de aprendizaxe actividades, obradoiros e roteiros, a cargo dun ou varios profesionais; a metodoloxía de traballo busca a participación e implicación dos visitantes.



Cadro núm. 8: Tipos de centros atendendo a súa oferta

3. *Granxas-escola* (GE): realizan obradoiros agropecuarios co obxectivo de divulgaren os valores do medio rural e da vida no campo; completan a oferta con actividades de tipo artístico, tradicional, folklórico etc.
4. *Museos* (MU): amosan coleccións, xacigos, utensilios etc., normalmente con carácter temático; a diferenza dos CV, carecen de estratexias de comunicación ou de interpretación dos elementos.
5. *Zoos*: exhiben animais vivos (exóticos ou autóctonos), con ou sen carácter monográfico (aves, especies cinxéticas, peixes etc.). Non sempre contan con programas educativos, interpretativos ou divulgativos.
6. Denominamos *sen uso* (S/U) ás instalacións que no momento da publicación están pechadas, en proceso de reestruturación, rematándose as obras ou sen uso.

Se atendemos á **oferta** podemos agrupar estes 5 tipos en 2 grupos:


- Moitos dos *centros de visitantes*, algún *museo* e dos *Zoos* ofrecen programas destinados a grupos amplos, cun perfil variado, en espazos curtos de tempo, cun formato de comunicación unidireccional, o que non facilita a implicación das persoas visitantes, e en que dominan os **medios expositivos** (Javier BENAYAS, José GUTIÉRREZ e Norma HERNÁNDEZ, 2003, páx. 28). José GUTIÉRREZ (1995, páx. 67) descríbeos como equipamentos estables a tempo parcial e oferta educativa estruturada en calidade de percorrido, de visita ou de roteiro de curta duración: terían un **baixo impacto social**. Os que ademais contan con programas interactivos de varias horas de duración, con audiovisuais, con maquetas e con modelos anolóxicos, califícaos de **alto impacto social** (*Ibid.*, páxs. 64-65).
- Moitas das *aulas da natureza* e das *granxas-escola* son experiencias bidireccionais que propoñen actividades vivenciais e participativas para facilitaren aos individuos o **contacto coa realidade**, cos elementos e cos problemas

ambientais máis próximos, con posibilidades de participación, e realizadas en grupos reducidos (Javier BENAYAS, José GUTIÉRREZ e Norma HERNÁNDEZ, 2003, páx.28). Son os centros de **maior impacto social**, especialmente os que contan con instalacións para acoller os grupos varios días (José GUTIÉRREZ, 1995, páx. 64).

Tanto a nivel da Galiza, como en cada unha das catro provincias, son os *centros de visitantes* a tipoloxía máis frecuente. Non hai *granxas-escola* nin *zoos* en Ourense. Un 23% das Comarcas carecen de infraestructuras deste tipo (mapa núm. 2).

Respecto á **oferta residencial**, só hai 24 centros con capacidade de acoller grupos de usuarios. A maior parte están localizados en zonas rurais moi despoboadas ou en zonas de montaña; 5 están localizados en *espazos naturais protexidos*, e só 1 é propiedade da Xunta de Galicia. A titularidade destes centros é a metade de carácter público e a outra metade privado, máis maioritariamente están xestionados por iniciativas privadas (72%). O número de plazas é menor de 35 en 4 casos, entre 36 e 60 en 12, entre 61 e 100 en 3 e máis de 100 en 5.





Mapa núm. 2: Distribución dos centros por comarcas se atendemos ás tipoloxías segundo as



# 4

*Listaxe de equipamentos  
e outras instalacións para a  
divulgación do patrimonio*

## PROPOSTAS DE CLASIFICACIÓN

Non existe unha única proposta senón as confeccionadas por diferentes entidades e autores (WALS, EPLER e ALDRIDGE, 1976; Jaume SUREDA, Aina CALVO e Magdalena CORTÉS, s/d; SOCIETAT CATALANA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL, 1987; Oscar CID, 1992, 1997, 1999; José GUTIÉRREZ, 1993, 1995; Araceli SERANTES, 2003). A maior parte só diferencian entre as propostas dirixidas a escolares e aquelas relacionadas coa conservación. Neste traballo presentamos cinco categorías:

- *Equipamentos para a Educación Ambiental*: as iniciativas que teñen instalacións fixas, proxecto educativo, equipo educativo e recursos propios
- *Equipamentos de uso público*: instalacións que desenvolven programas dirixidas ás persoas visitantes dos espazos de interese patrimonial, para achegalas aos valores dun xeito compatible cos planos de conservación
- *Instalacións para a divulgación do patrimonio con oferta educativa*: centros que non reúnen algún dos requisitos para ser EqEA ou que os seus fins e obxectivos non coinciden cos da EA
- *Instalacións para a divulgación do patrimonio sen oferta educativa*: a súa función principal non é «educar» senón turística, recreativa ou cultural
- *Instalacións en construción*, e que teñen un proxecto educativo aprobado

### EQUIPAMENTOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL (EqEA)

|                                                    |    |
|----------------------------------------------------|----|
| 1. Aquarium Galicia-Aquavisión .....               | 43 |
| 2. Albergue Rural e Aula de Natureza Alentea ..... | 44 |
| 3. Albergue Rural A Escola .....                   | 47 |
| 4. Alvarella Ecoturismo .....                      | 51 |
| 5. Aula Activa do Mar Santiago Gallego .....       | 53 |
| 6. Aula de Ecoloxía Urbana de Ferrol .....         | 54 |
| 7. Aula Forestal Foncuberta .....                  | 55 |
| 8. Aula Municipal Etnográfica .....                | 56 |
| 9. Aula da Natureza da Cabalar .....               | 58 |
| 10. Aula da Natureza Castelo Sobroso .....         | 61 |
| 11. Aula da Natureza San Xulián .....              | 72 |
| 12. Aula da Natureza do Veral .....                | 73 |
| 13. Centro de Desenvolvemento Rural O Viso .....   | 82 |

|                                                                                |     |
|--------------------------------------------------------------------------------|-----|
| 14. Centro de Educación Ambiental As Corcerizas .....                          | 83  |
| 15. Centro de Educación Ambiental Equal .....                                  | 84  |
| 16. C. Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia. CEIDA ..... | 88  |
| 17. Centro de Información e Interpretación Monte Aloia .....                   | 90  |
| 18. CI do patrimonio e a paisaxe A Capela .....                                | 103 |
| 19. Granxa Ecolóxica de Vilasantar .....                                       | 114 |
| 20. Granxa Escola Barreiros .....                                              | 115 |
| 21. Granxa Escola Belelle .....                                                | 116 |
| 22. Granxa Escola Casa do Queixo .....                                         | 117 |
| 23. Granxa-Escola Serantellos .....                                            | 121 |
| 24. Granxa-Escola Yuca .....                                                   | 122 |
| 25. Parque Eólico Experimental Sotavento .....                                 | 130 |

### **EQUIPAMENTOS DE USO PÚBLICO (UP)**

|                                                                            |     |
|----------------------------------------------------------------------------|-----|
| 26. Aula da Natureza dos Ancares .....                                     | 57  |
| 27. Aula da Natureza do río Chelo .....                                    | 62  |
| 28. Aula da Natureza de Crendes .....                                      | 63  |
| 29. Aula da Natureza O Invernadeiro .....                                  | 64  |
| 30. Aula da Natureza Moreda do Caurel .....                                | 67  |
| 31. Centro de Interpretación do Ecosistema Litoral de Galicia-CIELGA ..... | 98  |
| 32. Centro de Interpretación da Lagoa de Cospeito .....                    | 100 |
| 33. Centro de Interpretación da Natureza A Siradella .....                 | 102 |
| 34. Centro de Visitantes e Interpretación San Estebo (Illas Cíes) .....    | 111 |
| 35. Centro de Visitantes Xurés-Baixa Limia .....                           | 112 |

### **INSTALACIÓNS PARA A DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO CON OFERTA EDUCATIVA (ICOE)**

|                                                                    |     |
|--------------------------------------------------------------------|-----|
| 36. Albergue Os Biocos .....                                       | 46  |
| 37. Albergue de Quiroga .....                                      | 48  |
| 38. Aquaciencia .....                                              | 52  |
| 39. Aula Forestal Os Trollos .....                                 | 55  |
| 40. Aula da Natureza Juan Lambeye .....                            | 65  |
| 41. Aula da Natureza de Pedroso .....                              | 70  |
| 42. Aula da Natureza de San Xoán de Río .....                      | 71  |
| 43. A Casa das abellas .....                                       | 75  |
| 44. Casa do mel .....                                              | 76  |
| 45. Caseta de Pepepe do Cuco .....                                 | 77  |
| 46. Centro Arqueolóxico Barbaza-Castro Neixón .....                | 78  |
- NAVARRO NAVARRO, Mirian (Rel.) (1989): "Grupo de trabajo nº 3: Equipamiento y recursos" en *II Jornadas de Educación Ambiental. Informe final*, vol. 1, páxs. 37-59. Madrid: MOPU.
- NOVO VILLAVERDE, María (1985): *Educación Ambiental*. Madrid: Anaya.
- NOVO VILLAVERDE, María (1993): *Bases para una Estrategia Española de Educación Ambiental*. Madrid: ICONA.
- NOVO VILLAVERDE, María (1995): *La educación ambiental. Bases éticas, conceptuales y metodológicas*. Madrid: Universitas.
- PEÑA, Francisco (1997): "A necesidade dun programa de Educación Ambiental en Galicia" en *Segundas Xornadas Galegas de Educación Ambiental. Conferencias e comunicacións*, páxs. 23-30. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- REYES RUÍZ, Javier (2000): "La escuela sola no hará el milagro: el papel de la educación no formal" en *Foro Nacional de Educación Ambiental. Memoria*, páxs. 43-54. Aguascalientes: Universidad Autónoma de Aguascaliente.
- SEMINARIO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL EN EL SISTEMA EDUCATIVO (1988): Recomendaciones para una estrategia nacional de educación ambiental en el sistema educativo. Ávila: Comisión Española de Cooperación con la UNESCO, Minsisterio de Educación y Ciencia, MOPU, ICONA-MAPA e UNESCO. (Material policopiado)
- SEMINARIO DE EQUIPAMENTOS PRIVADOS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL (1996): *Actas de la I Reunión*. [www.jcyl.es/jcyl/cmaot/dgca/seminarios/privadas/acta\\_priv1.html](http://www.jcyl.es/jcyl/cmaot/dgca/seminarios/privadas/acta_priv1.html)
- SERANTES, Araceli (s/d): "Recursos e centros de educación ambiental en *Escola de Tempo Libre de Cáritas, Curso de Monitores de Tempo Libre. Introducción á Educación Ambiental, Técnicas de Campismo e Excurionismo*, páxs. 13-16. Santiago: Cáritas e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- SERANTES, Araceli (2003a): "Os Equipamentos de Educación Ambiental en Galiza: un recurso para o sistema educativo formal" en ...
- SERANTES, Araceli (2003b): "Recursos para incluír a educación ambiental no currículo dos Centros Educativos galegos: análise dos Equipamentos de Educación



Ambiental na Galiza” en *Revista Galego-Portuguesa de Psicoloxía e Educación*, nº 8, páxs. 752-765.

- SERANTES, Araceli (2003c): “Los Equipamientos de Educación Ambiental en Galicia: diagnóstico y propuestas de ordenación” en *4º Congreso Iberoamericano de Educación Ambiental*. Cuba: Comité organizador. [www.medioambiente.cu/4congreso/](http://www.medioambiente.cu/4congreso/)
- SERANTES, Araceli (2003d): “Qué queremos decir cuando hablamos de Calidad para los Equipamientos de Educación Ambiental en Galicia” en *Biotur 2002. III Evento Internacional Biodiversidad y Turismo*, páxs. 187-197. A Coruña: Taller de Educación Ambiental da Universidade de Santiago.
- SERANTES, Araceli (2004): *Listado de equipamentos para a Educación Ambiental e outras instalacións para a divulgación do patrimonio en Galiza*. [www.sgea.org/lis-tado\\_EqEA.pdf](http://www.sgea.org/lis-tado_EqEA.pdf)
- SERANTES, Araceli e HÉCTOR POSE (2003): “Recursos e equipamentos de educación ambiental en galicia” en Araceli SERANTES (Coord.), *Recursos e equipamentos de educación ambiental*, páxs. 7-24. A Coruña: Universidade da Coruña e Deputación Provincial da Coruña.
- SUREDA, Jaume, Aina CALVO y M<sup>a</sup> Magdalena CORTÉS (s/data): “Unidad sobre equipamientos de Educación Ambiental”, <http://mediamweb.uib.es/dceweb/rem/equipaments/dBaseTipo.html>
- SUREDA, Jaume e Antoni COLOM (1989): *Pedagogía ambiental*. Barcelona: Ceac.
- TALP, COMUNICACIÓ (2004): *Evaluación del papel que cumplen los equipamientos de uso público en los espacios naturales protegidos. 1ª fase del proyecto*. Madrid: Europarc-España.
- TILBURY, Daniella (1995): “Environmental education for sustainability: defining the new focus of environmental education in the 1990’s» en *Environmental Education Research*, núm. 1, páxs. 195-212.
- TILBURY, Daniella (2001): “Reconceptualizando la educación ambiental para un nuevo siglo” en *Tópicos en Educación Ambiental*, vol. 3, núm. 7, páxs. 65-73.



***ANEXO***

***Legislación***

**DIARIO OFICIAL DE GALICIA**

Nº 32      Mércores, 14 de febreiro de 2001

**I. DISPOSICIÓN XERAIS**  
**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

Decreto 32/2001, do 25 de xaneiro, polo que se crea o Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental de Galicia e se regulan as condicións de inscrición.

Trala publicación do Decreto 347/1997, do 9 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no que se crea a Consellería de Medio Ambiente como departamento dela, procedeuse á publicación do Decreto 482/1997, do 26 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, que atribúe a competencia e funcións de información, educación e formación ambiental á devandita consellería.

No artigo 7.2º deste Decreto 482/1997, do 26 de decembro, relativo ó Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental, un dos órganos en que se estrutura a Consellería de Medio Ambiente con rango de dirección xeral, establécese que este contará con dúas unidades, o Departamento de Educación e Información Ambiental, e o Departamento de Investigación e Tecnoloxía Ambiental, e dispónse con respecto ó primeiro que realizará as funcións relativas ás propostas de integración do ambiente no curriculum educativo das ensinanzas reguladas a tódolos niveis, a promoción das ensinanzas ambientais non reguladas, a formación dunha conciencia social para a defensa e mellora do contorno, a formación permanente en materia ambiental e a información ambiental ó cidadán.

Conforme o anterior, e os principios e obxectivos previstos legalmente en materia ambiental referentes á promoción da educación ambiental en tódolos niveis educativos e da concienciación cidadá en tódolos sectores sociais, a Administración autonómica, e en concreto a Consellería de Medio Ambiente, considera como un factor prioritario contribuír á mellora da calidade das actividades e programas realizados polas distintas entidades e centros de educación ambiental.

O coñecemento dos axentes que realizan actividades de educación ambiental, do seu funcionamento e dos seus obxectivos, facilita a actuación da Administración autonómica no impulso e apoio ó sector e permite establecer unha relación baseada na transparencia e na eficacia no aproveitamento dos recursos públicos. Neste sentido, os rexistros configúranse como un instrumento axeitado de coñecemento, planificación, ordenación e publicidade, favorecedores para a consecución destes obxectivos.

Por todo isto, cómpre a creación do Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental de Galicia, do que serán obxecto aquelas entidades e centros dotados da infraestrutura, equipos e programas acordes cos principios e obxectivos que a educación ambiental require.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vintecinco de xaneiro de dous mil un,

**DISPOÑO:****Título I****Disposicións xerais****Artigo 1º.-Obxecto.**

Este decreto ten por obxecto a creación do Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental de Galicia, así como a regulación das condicións de inscrición nel.

**Artigo 2º.-Finalidade.**

A finalidade deste decreto é dispor dun instrumento de publicidade e información sobre a existencia, organización e fins das entidades e centros de educación ambiental que, así mesmo poida servir de apropiada canle de ordenación das axudas públicas que faciliten o desenvolvemento e cumprimento das súas actuacións e obxectivos.

**Artigo 3º.-Definicións.**

Para os efectos do presente decreto entenderase por:

a) *Educación ambiental*: unha dimensión da educación integral e global das persoas e colectividadeas sociais que, nas súas diversas manifestacións e prácticas, promove o coñecemento, interpretación e concienciación respecto das diferentes problemáticas ambientais, do seu impacto local e planetario, activando competencias e valores dos que se deriven actitudes e comportamentos congruentes coa ética ecolóxica que se precisa para participar na construción dun desenvolvemento humano sustentable.

b) *Entidade de educación ambiental*: toda persoa xurídica ou unidade administrativa constituída mediante acordo formal que teña como finalidade principal a realización de actividades de educación ambiental, no marco dos principios e obxectivos enunciados no artigo 4º, con sede en Galicia e que teña como

ámbito de actuación a totalidade ou parte do territorio galego.

c) *Centro de educación ambiental*: aquela instalación estable situada en Galicia que realiza como actividade principal a educación ambiental e que para estes efectos conta cun inmovble, recursos materiais e didácticos, persoal e un programa educativo coincidente cos principios e obxectivos enunciados no artigo 4º.

**Título II****Sobre educación ambiental****Artigo 4º.-Principios e obxectivos da educación ambiental.**

1. As entidades e centros de educación ambiental deberán traballar para conseguir os seguintes obxectivos:

a) Promover unha toma de conciencia crítica e sensible respecto do ambiente, dos seus problemas e dos riscos que comporta a súa deterioración para o conxunto da humanidade, así como para a diversidade e calidade de vida.

b) Adquirir coñecementos significativos para unha comprensión complexa e globalizada do ambiente, dos diferentes factores e procesos (físico-naturais, socioeconómicos e culturais) que o definen, favorecendo a súa aplicabilidade na análise, interpretación e avaliación das realidadeas ambientais, así como nas actuacións que sexa preciso adoptar para previr ou resolver problemas nos planos local, rexional, nacional e /ou planetario.

c) Desenvolver actitudes acordes cunha concepción integral e sistémica do ambiente, mediante a que se posibilita unha comprensión básica das principais cuestións ambientais, da súa natureza interdisciplinar e complexa.

d) Promover e desenvolver actitudes, valores e comportamentos ambientais, congruentes cun pensamento e unha ética ecolóxica orientada por criterios de solidariedade, equidade e xustiza social.

e) Habilitar e desenvolver competencias relativas a estilos de vida sustentables, posibilitando a súa concreción en iniciativas e prácticas cotiás, respectuosas cos dereitos sociais e ambientais, en diferentes contextos e de modo autónomo.

f) Incentiva-la participación social, nos planos individual e colectivo, incrementando substantivamente os niveis de información e corresponsabilidade cidadá en cuestións ambientais, cun protagonismo e unha capacidade de decisión axustada ó pleno exercicio dos dereitos civís e democráticos.

2.Os obxectivos de educación ambiental deben ser interpretados conforme os seguintes principios rectores:

a) Partir de enfoques amplos e plurais respecto da conceptualización do ambiente, das súas diversas realidades e dos problemas ambientais.

b) Garanti-lo dereito a un pensamento diverxente, crítico e innovador, nos planos individual e colectivo, en calquera das circunstancias nas que se desenvolva unha acción educativa ambiental.

c) Considera-la participación social dos cidadás, nas súas diferentes modalidades e procedementos, como unha canle insubstituíble.

d) Convocar e responsabiliza-lo conxunto da sociedade, desde a infancia ata a vellez, desde os ámbitos locais ata os internacionais neste proceso educativo.

e) Articula-la presenza de diferentes axentes sociais no deseño, desenvolvemento e avaliación de iniciativas educativo-ambientais.

f) Dispoñer e manter sustentablemente os recursos económicos, técnicos e humanos precisos para a promoción e desenvolvemento da educación ambiental.

g) Definir criterios e mecanismos de avaliación, a través dos que se valore cuantitativa e cualitativamente as iniciativas e actuacións en materia de educación ambiental, atendendo á diversidade dos seus procedementos e logros.

h) Incorpora-la educación ambiental a tódolos ámbitos da xestión ambiental, non como un elemento secundario ou exclusivamente complementario, senón como vector principal das actuacións previstas.

### **Título III**

#### **Sobre o Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental**

##### **Artigo 5º.-Creación.**

1. Créase o Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, en concreto, do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental, que será público, de carácter administrativo e cunha función informativa, no que se inscribirán as entidades e centros de educación ambiental de Galicia.

2. Correspóndelle ó Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental da Consellería de Medio Ambiente a elaboración, organización e xestión deste rexistro xeral.

3. O acceso a este polos cidadáns deberá exercerse nos termos e condicións

establecidos no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

*Artigo 6º.-Estructura do rexistro xeral.*

O Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental de Galicia estrutúrase en dúas seccións denominadas:

A. Sección I. *Das entidades de educación ambiental.*

B. Sección II. *Dos centros de educación ambiental.*

*Artigo 7º.-Sección I. Das entidades de educación ambiental.*

1. Poderán inscribirse na Sección I do Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental, todas aquelas entidades que teñan como finalidade principal a realización de actividades de educación ambiental.

Para estes efectos terán tal consideración as que sexan coincidentes coa definición, obxectivos e principios rectores de educación ambiental.

2. A entidade terá a súa sede social en Galicia e o seu ámbito de actuación abranguerá total ou parcialmente esta Comunidade Autónoma.

3. Para formaliza-la inscrición no rexistro xeral, as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

a) A solicitude, mediante instancia normalizada segundo o anexo I, dirixida ó director do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental da Consellería de Medio Ambiente.

b) Os estatutos da entidade debidamente rexistrados ou acordo formal de constitución

da sociedade adoptado polos órganos competentes dunha institución con personalidade xurídica.

c) O proxecto de educación ambiental da entidade, axustado ó indicado no anexo II.

d) Unha breve memoria das actividades realizadas pola entidade.

e) *Unha relación e curricula vitarum dos educadores*, monitores e outro persoal que desenvolva as actividades e os programas educativos.

*Artigo 8º.-Sección II. Dos centros de educación ambiental.*

1. Poderán inscribirse na sección II do rexistro xeral, todos aqueles centros situados na Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os requisitos establecidos no presente decreto.

2. Para formaliza-la inscrición no rexistro xeral, os centros solicitantes deberán presenta-la seguinte documentación:

a) A solicitude, mediante instancia normalizada segundo anexo I, dirixida ó director do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental da Consellería de Medio Ambiente.

b) O proxecto de educación ambiental do centro, axustado ó indicado no anexo II.

c) Unha memoria das actividades realizadas pola entidade en relación co centro, segundo sinala o anexo III.

d) *Unha relación e curricula vitarum dos educadores*, monitores e outro persoal que desenvolva as actividades e os programas educativos.



e) No suposto de centros de titularidade privada ou en colaboración con entidades públicas, as entidades privadas titulares deles non só deberán estar debidamente inscritas na sección I do Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental de Galicia, senón que, ademais, deberán presenta-la seguinte documentación:

- Copia compulsada das licencias municipais de actividade e apertura do establecemento.
- Copia compulsada do documento acreditativo, se é o caso, da personalidade xurídica da entidade.
- Copia compulsada do documento nacional de identidade do titular e, se é o caso, do administrador ou representante.
- Declaración xurada do titular ou representante legal de que o centro cumpre coas diferentes normativas sectoriais que lle sexan aplicables.

f) De tratarse dun centro de titularidade pública, terá que presentarse ademais unha copia do acordo formal de constitución adoptado polos órganos competentes da institución titular do centro.

#### Artigo 9º.-*Requisitos dos centros de educación ambiental.*

Para a inscrición na Sección II do rexistro xeral deberá acreditarse, xunto coa documentación referida no artigo anterior, o cumprimento dos seguintes requisitos:

1. A actividade fundamental do centro debe se-la educación ambiental. Para estes efectos terá tal consideración a que sexa coincidente coa definición, obxectivos e principios rectores da educación ambiental. Non se consideran de ningún xeito como centros de educación ambiental, aqueles dedicados principalmente a outro tipo de actividades, así, lecer, deporte, aventura, idiomas, turismo ou

outras similares.

2. En relación coa súa titularidade, os centros de educación ambiental terán que estar incluídos nalguna das seguintes categorías:

- a) Centros de titularidade pública (estatal, autonómico ou de entidades de réxime local).
- b) Centros de titularidade privada.
- c) Centros de titularidade mixta ou consorciada.

3. As instalacións deberán ser estables e contar con espazos de traballo axeitados e adaptados á programación de educación ambiental que oferta o centro e ás características dos destinatarios de tales programas, así como estaren dotados dos recursos materiais e didácticos necesarios para o seu desenvolvemento.

4. O período anual de apertura do centro non poderá ser inferior a seis meses.

5. O centro deberá contar cun equipo educativo cualificado de acordo co establecido no anexo IV do presente decreto.

6. A ratio de personal para o desenvolvemento das actividades será dun máximo de 20 alumnos por cada educador, cando as actividades se realicen no centro, e de 12 cando se realicen fóra do recinto do centro.

#### Artigo 10º.-*Presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes de inscrición no Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental de Galicia poderanse presentar, xunto coa documentación sinalada, no rexistro da Consellería de Medio Ambiente ou en calquera das oficinas referidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas

e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. Se a solicitude presentada polo interesado non reúne os requisitos previstos no artigo 70 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou non vai acompañada da documentación sinalada nos artigos 7 ou 8 do presente decreto, segundo sexa, requirirase o interesado para que no prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos con indicación de que se así non o fixese, terase por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### Artigo 11º.-*Resolución.*

1. Á vista da documentación presentada e comprobado que se acreditan fidedignamente os requisitos establecidos no presente decreto, o director do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental de Consellería de Medio Ambiente resolverá sobre a inclusión da entidade ou centro solicitante no rexistro xeral no prazo máximo de tres meses desde a data de entrada da solicitude no rexistro da Consellería de Medio Ambiente. Transcorrido este prazo, sen que se dicte resolución expresa, entenderase estimada a solicitude, consonte o sinalado no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Na inscrición farase constar a identificación e características da entidade ou centro segundo o modelo normalizado. Así mesmo serán públicos o resumo do proxecto de educación ambiental do centro e a memoria de actividades.

3. A resolución do director do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental relativa á solicitude de inscrición da entidade ou centro no rexistro poderá ser impugnada en alzada ante o conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes desde a notificación da resolución, consonte o establecido no artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 12º.-*Actualización de documentación.*

O representante legal do centro inscrito no rexistro xeral presentará na Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente, no mes de febreiro de cada ano, a correspondente memoria anual de actividades.

De propoñerse modificacións ó proxecto de educación ambiental, estas deberán presentarse así mesmo, no mes de febreiro xunto coa memoria anual.

### Título IV

#### **Sobre a modificación e cancelación da inscrición**

#### Artigo 13º.-*Modificación e cancelación da inscrición.*

1. O representante legal do centro ou entidade deberá comunicarlle ó Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, no prazo máximo de dous meses de se ter producido, calquera cambio substancial en relación coa documentación presentada para a inscrición do centro ou entidade no rexistro xeral.

2. Para proceder á cancelación da inscrición será precisa a tramitación do oportuno procedemento con audiencia do interesado.

3. Son causas de cancelación da inscrición:

- a) A extinción ou perda da personalidade xurídica ou o cesamento de actividades.
- b) O incumprimento sobrevido das condicións esixidas para a inscrición.
- c) O incumprimento das obrigas de información e comunicación establecidas por este decreto.
- d) A modificación substancial das condicións que deron acceso ó rexistro en relación coas actividades do centro e o seu proxecto de educación ambiental.

#### Artigo 14º.-*Verificacións.*

1. A Consellería de Medio Ambiente a través do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental poderá realiza-las verificacións oportunas sobre os datos dos centros e entidades que solicitan a súa inscrición no rexistro xeral. Neste sentido e de conformidade co previsto no artigo 39 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común, os titulares ou responsables dos centros e entidades presentarán toda a documentación que lles sexa requirida en relación coa procedencia da inscrición no rexistro xeral.

2. Nos centros educativos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a comprobación a que se refire o parágrafo anterior será levada a cabo en colaboración e coordinación cos órganos competentes en materia de inspección educativa.

### Título V

#### Sobre os efectos da inscrición

##### Artigo 15º.-*Efectos da inscrición.*

A inscrición no rexistro producirá o efecto da publicidade dos datos consignados e producirá efectos desde a data de resolución.

##### Artigo 16º.-*Axudas.*

A inscrición no Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental será condición necesaria para que os centros e entidades de educación ambiental reciban axudas da Consellería de Medio Ambiente destinadas á realización de actividades e programas de educación ambiental.

##### Artigo 17º.-*Publicidade e acceso a material didáctico.*

A inscrición no Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental será criterio preferente para participar no sistema de préstamo de material didáctico do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental e dos catálogos, publicacións, folletos e recursos electrónicos publicitarios dependentes deste centro.

#### Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da *súa publicación* no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte cinco de xaneiro de dous mil un.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Carlos del Álamo Jiménez  
Conselleiro de Medio Ambiente

1.962

DIARIO OFICIAL DE GALICIA

Nº 32 • Mércores, 14 de febreiro de 2001

## ANEXO I



## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

|                                                                                                                   |                                         |                                |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|
| PROCEDIMENTO<br><b>INSCRIPCIÓN NO REXISTRO XERAL DE ENTIDADES E CENTROS<br/>DE EDUCACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA</b> | CÓDIGO DO PROCEDIMENTO<br><b>MA965A</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|

## DATOS DO TITULAR OU REPRESENTANTE

|                 |               |                |        |
|-----------------|---------------|----------------|--------|
| NOME E APELIDOS |               | NIF            |        |
| DOMICILIO       |               | LOCALIDADE     |        |
| PROVINCIA       | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO / FAX | E-MAIL |
| CARGO/FUNCIÓN   |               |                |        |

## COMO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE

|                 |               |                |        |
|-----------------|---------------|----------------|--------|
| NOME E APELIDOS |               | NIF            |        |
| DOMICILIO       |               | LOCALIDADE     |        |
| PROVINCIA       | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO / FAX | E-MAIL |
| CARGO/FUNCIÓN   |               |                |        |

## DATOS DA ENTIDADE

|                 |               |                |        |
|-----------------|---------------|----------------|--------|
| NOME E APELIDOS |               | NIF            |        |
| DOMICILIO       |               | LOCALIDADE     |        |
| PROVINCIA       | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO / FAX | E-MAIL |

## DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- ☐ COPIA COMPULSADA DA LICENCIA MUNICIPAL DE ACTIVIDADE.
- ☐ COPIA COMPULSADA DA LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA.
- ☐ ESTATUTOS DA ENTIDADE DEBIDAMENTE REXISTRADA OU ACORDO FORMAL DE CONSTITUCIÓN.
- ☐ COPIA COMPULSADA DE ACREDITACIÓN DE PERSONALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE.
- ☐ COPIA DO ACORDO FORMAL DE CONSTITUCIÓN ADOPTADO POLOS ÓRGANOS COMPETENTES DA INSTITUCIÓN TITULAR DO CENTRO (NO CASO DE CENTROS DE TITULARIDADE PÚBLICA).
- ☐ COPIA COMPULSADA DO DNI DO TITULAR OU REPRESENTANTE.
- ☐ DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA SECTORIAL VIXENTE DE APLICACIÓN Ó CENTRO.
- ☐ PROXECTO EDUCATIVO (SEGUNDO ANEXO II).
- ☐ BREVE MEMORIA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS POLA ENTIDADE E EQUIPO EDUCATIVO (SEGUNDO ANEXO III).

## LEGISLACIÓN APLICABLE

*Decreto 32/2001, do 25 de xaneiro, polo que se crea o Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental de Galicia e se regulan as condicións de inscrición.*

## SINATURA DO/DA SOLICITANTE

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 200

*Director Xeral do Centro de Información e Tecnoloxía Ambiental*

## (Para cubrir pola Administración)

## RECIBIDO

## REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE  
EXPEDIENTE

/ /

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAÍDA

/ /

## ANEXO II

**Proxecto de educación ambiental**

O proxecto de educación ambiental debe constar dos seguintes puntos:

1. Principios xerais.
2. Obxectivos xerais.
3. Descrición detallada das infraestructuras e recursos materiais dispoñibles.
4. Breve descrición do contorno como recurso educativo.
5. Programación xeral de actividades ofertadas, sexan ou non de educación ambiental. Xuntaranse folletos e outros materiais de difusión empregados.
6. Para cada programa de educación ambiental detallaranse os seguintes aspectos:
  - Denominación do programa.
  - Obxectivos específicos.
  - Destinatarios.
  - Metodoloxía didáctica.
  - Contidos.
  - Temporalización.
  - Recursos materiais.
  - Recursos humanos, con indicación expresa do perfil e cualificación profesional.
  - Criterios e instrumentos de avaliación.

O resumo do proxecto de educación ambiental, que será obxecto de publicidade, indicará de xeito breve os seguintes aspectos:

1. Síntese dos principios e obxectivos xerais.
2. Breve descrición das infraestructuras e recursos materiais.
3. Breve descrición do contorno como recurso educativo.
4. Listaxe dos programas e actividades ofertadas con indicación expresa de:
  - Denominación do programa.
  - Obxectivos específicos.
  - Destinatarios.

- Breve referencia á metodoloxía didáctica.
- Contidos.
- Temporalización.
- Criterios de avaliación.

## ANEXO III

**Memoria anual de actividades**

A memoria anual de actividades debe constar dos seguintes puntos:

1. Ano 200...
2. Enumeración temporalizada de tódolos programas de actividades desenvolvidos, sexan ou non de educación ambiental.
3. Para cada programa de actividades de educación ambiental farase unha ficha cos seguintes datos:
  - Listaxe de grupos participantes.
  - Duración de datas de cada actividade.
  - Número de asistentes, idades ou grupo social.
  - Descrición xeral de programa e das actividades.
  - Resultados da avaliación realizada.
4. Equipo educativo que interveu no desenvolvemento das actividades, con mención expresa da carga docente de cada un.

## ANEXO IV

**Equipo educativo**

A cualificación mínima esixible para o persoal educativo será a seguinte:

*Responsable educativo:*

- Titulado superior.
- Formación específica en educación ambiental.
- Formación específica en xestión de centros de educación ambiental.



**Educadores:**

- Titulado superior ou medio.
- Formación específica en educación ambiental.

**Monitores:**

- Bacharelato ou equivalente.
- Formación específica en educación ambiental.
- Monitor de tempo libre.

**DIARIO OFICIAL DE GALICIA**

Nº 70, Luns, 9 de abril de 2001

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

*Orde do 28 de marzo de 2001 pola que se aproba a Carta Galega de Calidade dos centros de educación ambiental.*

A necesidade de afrontar-la problemática ambiental en Galicia, dende as súas propias realidades territoriais -aínda que coa perspectiva da súa pertenza a unha sociedade cada vez máis globalizada-, xustifica unha estratexia específica de educación ambiental para esta Comunidade Autónoma pola esixencia de sinalar prioridades e identificar obxectivos, de racionalizar recursos e convocar vontades (individuais e colectivas), de coordinar e orientar decisións e accións en diversos plans políticos e sociais, situando nun lugar preferente a educación.

Trátase, deste modo, de recoñecer e incentivar-lo papel da educación, nas súas distintas modalidades e ámbitos de intervención, como unha práctica social coadjuvante no logro dunha sociedade ambientalmente máis sostible, consecuente cun reparto equitativo e xusto das cartas e dos beneficios ambientais a nivel global.

Recentemente a Xunta de Galicia procedeu á aprobación do Decreto 32/2001, do 25 de xaneiro, polo que se crea o rexistro xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental e se regulan as condicións de inscrición, co obxecto de dispoñer dun instrumento de publicidade e información sobre a existencia, organización e fins das entidades e centros da educación ambiental, que así mesmo, poida servir de apropiada canle de ordenación das axudas públicas que facilitan





o desenvolvemento e cumprimento desas actuacións e obxectivos.

Os centros de educación ambiental son instrumentos de enorme importancia na promoción e desenvolvemento dos programas e actividades de educación ambiental. Neste sentido Galicia precisa dunha infraestrutura suficiente de tales centros, tal e como sinala a Estratexia Galega de Educación Ambiental.

A Administración autonómica, concertadamente con outras administracións, coa iniciativa privada e outros axentes de educación ambiental considera oportuno aprobar e difundir unha carta de calidade para centros de educación ambiental, que defina os diferentes tipos de centros e determine os requisitos mínimos para cada tipo de instalación. Favorécese así un proceso dinámico de mellora da calidade destes centros que redundará en beneficio da educación ambiental ó tempo que se lle outorga á Administración autonómica un instrumento de avaliación que permitirá unha asignación dos seus recursos máis xusta e eficaz.

En virtude do exposto, e en uso das facultades que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

#### **DISPOÑO:**

##### **Artigo 1º.-Aprobación.**

Apróbase a Carta de Calidade da Rede Galega de Centros de Educación Ambiental que se define como o marco que establece os criterios de calidade que deben cumprir os centros de educación ambiental en Galicia nun horizonte de mellora da educación ambiental en Galicia, de acordo coa Estratexia Galega de Educación Ambiental.

##### **Artigo 2º.-Criterios de calidade.**

Os criterios de calidade do centro que se explicitan no anexo abarcan o proxecto de educación ambiental do centro, as instalacións, os recursos, o equipo educativo e a xestión do equipamento.

##### **Artigo 3º.-Cumprimento dos criterios de calidade.**

1. A Administración autonómica valorará o cumprimento dos criterios de calidade da Carta de Calidade da Rede Galega de Centros de Educación Ambiental para os efectos de inscrición, suspensión ou cancelación no Rexistro de Centros e Entidades de Educación Ambiental.

2. O cumprimento dos criterios de calidade da Carta de Calidade da Rede Galega de Centros de Educación Ambiental será valorado na concesión de axudas para a educación ambiental que convoque a Administración autonómica.

3. O cumprimento dos criterios de calidade da Carta de Calidade da Rede Galega de Centros de Educación Ambiental será un criterio preferente para o acceso ós intercambios e empréstimos de materiais didácticos, participación na publicidade e calquera outro mecanismo de información cos que conte a Consellería de Medio Ambiente.

##### **Artigo 4º.-Revisión de criterios.**

Transcorridos dous anos desde a súa aprobación e logo do dictame do Observatorio Galego de Educación Ambiental revisaranse, se procede, os criterios da Carta de Calidade da Rede Galega de Centros de Educación Ambiental.

*Disposición derradeira*

Única.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2001.

José Carlos del Álamo Jiménez

Conselleiro de Medio Ambiente

## ANEXO

**1. Criterios de calidade do proxecto de educación ambiental do centro.**

1. O Centro de Educación Ambiental debe ter un proxecto de educación ambiental que afonde na identidade propia e que recolla a oferta e gama de actividades e programas.

2. O proxecto de educación ambiental do centro debe ser fundamentalmente un proxecto encadrado na ética e obxectivos da educación ambiental, aínda que poida compaxinar esta actividade, que é a principal, con outras actividades coherentes coa filosofía do centro (deportes de baixo impacto, turismo rural, proxectos de desenvolvemento local, formación noutros ámbitos relacionados coa educación ambiental...).

3. O centro estará inmerso no seu contorno. Nel desenvolverá iniciativas de coñecemento, sensibilización e conservación dentro de estilos de vida sostible, promovendo a integración e a participación da súa poboación.

4. O proxecto de educación ambiental é un documento que debe recoller explicitamente os fins, obxectivos e sinais de identidade do centro (metodoloxía, contidos, actividades, programas, temporalización, recursos materiais e humanos, destinatarios, avaliación...), así como a descrición física da infraestrutura,

do contorno como recurso educativo e do programa xeral de actividades.

5. O proxecto de educación ambiental debe valorar e minimiza-lo impacto das diferentes actividades no medio, axeitándoas á súa capacidade de carga.

6. Os obxectivos do proxecto de educación ambiental teñen que ser acordes cos obxectivos xerais da educación ambiental expresados nos seguintes puntos: toma de conciencia, coñecementos, actitudes, aptitudes, avaliación e participación cara á consecución dun desenvolvemento sostible.

7. Os obxectivos educativos teñen que ser explicitados no proxecto dun xeito realista e deben ser avaliábeis.

8. Os obxectivos dos programas especificamente dirixidos á comunidade educativa serán acordes co currículo escolar.

9. Os obxectivos dos programas dirixidos a outros sectores de poboación abarcarán contidos conceptuais, aspectos de carácter social, de desenvolvemento persoal, de fomento de intercambio de experiencias, de toma de decisións e de participación.

10. O programa educativo debe fomentar a integración das persoas con discapacidades e as actitudes de igualdade, solidarias e non discriminatorias. As distintas ofertas de actividades educativas estarán adaptadas ós grupos, considerando características como idade, procedencia, formación, motivación, expectativas, características do grupo, disfuncións e minusvalías.

11. A metodoloxía deberá ser activa, participativa, crítica, cooperativa, integradora e interdisciplinar.

12. O programa debe recoller explicitamente tres momentos no desenvolvemento educativo da actividade: o traballo de información e motivación antes da estadía no equipamento, a programación durante a estadía e as actividades de compromiso, participación e avaliación ó remate dela.

13. A avaliación das actividades debe ser realizada polo equipo educativo, polas persoas participantes e polas institucións implicadas.

14. A avaliación debe recolle-la valoración sobre:

- a) Os coñecementos, actitudes e comportamentos dos participantes.
- b) Os obxectivos, metodoloxía, contidos e actividades do programa educativo.
- c) Os recursos e materiais de apoio, así como sobre o seu uso.
- d) Os espazos e instalacións.
- e) A organización e funcionamento.
- f) O equipo educativo.
- g) As intervencións realizadas no contorno, se é o caso.
- h) A propia avaliación.

15. É recomendable utilizar, sempre que sexa posible, instrumentos de avaliación que permitan o diagnóstico e valoración con criterios comparables.

16. Periodicamente avaliarse ou auditarase o impacto do desenvolvemento das actividades sobre o medio.

17. O proxecto debe actualizarse cunha frecuencia mínima de tres anos, evolucionando segundo o desenvolvemento dos programas, o resultado das avaliacións e a mellora do equipamento.

## **II. Criterios de calidade das instalacións.**

1. As instalacións deben estar ben comunicadas, sinaladas e accesibles a todo tipo de usuarios, respectando as características do contorno.

2. O equipamento debe garanti-lo cumprimento e o control da normativa en canto ás condicións hixiénico-sanitarias, tratamento dos residuos e augas residuais, sistemas de seguridade, comunicación e emerxencia, barreiras arquitectónicas, aloxamento e manipulación de alimentos, infraestructuras específicas, e outras disposicións xerais e específicas do espacio.

3. As instalacións deben cumprir-las medidas de seguridade vixentes en canto á sinalización, recomendacións, valados, prohibicións de acceso a zonas potencialmente perigosas.

4. As instalacións deben ser coherentes desde a perspectiva ambiental, tanto no uso e xestión dos recursos como nos tipos de materiais de construción e uso e na xeración e tratamento dos residuos, na redución de contaminantes e na aplicación de sistemas de aforro e eficiencia da enerxía e da auga.

5. Os espazos de traballo deben ser apropiados para o desenvolvemento das actividades e contar cos recursos e dotacións necesarios de habitabilidade (luz, ventilación, calefacción, humectación do aire, etc.), adaptados ó público, ás características do espacio e ós fins das actividades.

6. As instalacións deberían ser, na medida do posible, acordes coa arquitectura do contorno e estaren integradas na paisaxe.

7. O número de participantes ou usuarios ten que ser acorde coa capacidade das instalacións, tanto nos obradoiros e espazos

educativos como noutras infraestructuras como comedores, servicios e duchas.

### **III. Criterios de calidade dos recursos.**

1. O centro disporá de recursos específicos necesarios para desenvolver-lo seu programa de educación ambiental.

2. Os materiais necesarios para desenvolver-lo programas e actividades deben ser suficientes en canto ó número, adaptados e normalizados ós usuarios, evitando o uso de materiais tóxicos ou contaminantes.

3. O centro contará con materiais e recursos que garantan a seguridade persoal e ambiental das persoas usuarias e do contorno.

4. O centro deberá dispor de recursos suficientes para, ante calquera eventualidade, programar actividades complementarias ou que substitúan as inicialmente concertadas.

5. O centro deberá dispor de recursos ambientalmente coherentes e fará un uso racional deles.

### **IV. Criterios de calidade do equipo educativo.**

1. O número de persoas que integran o equipo educativo debe se-lo suficiente para desenvolver-lo programa, de acordo coas directrices que marca o Decreto 32/2001, do 25 de xaneiro, polo que se crea o Rexistro Xeral de Entidades e Centros de Educación Ambiental a este respecto. No caso de actividades con persoas con discapacidades requirírase persoal de apoio adaptado ás súas necesidades específicas.

2. O centro de educación ambiental debe achegar un organigrama de funcionamento

no que apareza especificada a función e responsabilidade de cada un dos integrantes do equipo educativo, a súa formación, a carga horaria. O centro debería ter un responsable educativo.

3. A actitude e hábitos das persoas que integran o equipo deben ser coherentes cos principios recollidos no proxecto de educación ambiental.

4. Os compoñentes do equipo educativo deberán ter suficiente formación específica no ámbito educativo e/ou ambiental.

5. O centro debe dispoñer das acreditacións dos membros do equipo educativo en canto a formación regrada (licenciaturas, diplomaturas ou enxeñerías), formación non regrada (cursos, xornadas, seminarios, encontros...) e outra formación complementaria (títulos de monitoraxe, animación, formación de formadores, avaliación...).

6. O centro de educación ambiental debe favorecer- la formación, o intercambio e a actualización dos compoñentes do equipo educativo.

### **V. Criterios de calidade da xestión.**

1. O centro deberá ofertar actividades de educación ambiental de cara ó público nun período non inferior a 180 días ó ano, salvo causas xustificadas.

2. O centro deberá dispor de medios específicos suficientes para difundir axeitadamente a súa oferta educativa ambiental (trípticos, folletos, vídeos, Internet...).

3. O prezo non debe constituír un factor limitante para os usuarios, permitindo a participación e acceso, na medida do posible,

a tódalas persoas interesadas, e debe ser acorde coas prestacións.

4. Os servizos do centro así como o mantemento xeral das instalacións ademais de observa-la normativa legal vixente, deben ser apropiados e suficientes para atende-las necesidades dos usuarios.

5. O centro debe ter un plan de emerxencia e evacuación coñecido polo equipo educativo e de servizos, así como planos de continxencias, (incendios, feridos, rescate...) debidamente visibles nos espazos destinados ós usuarios.


6. O centro debe dispor de pólizas de responsabilidade civil e de accidentes para tódolos participantes.

7. O centro poderá estar integrado en redes, asociacións ou federacións que permitan a continua actualización, o intercambio e a innovación del.









**CEIDA**

CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA  
E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE



**Concello de Oleiros**